



PROTOCOLO DO SERVIZO COLEXIAL DE MEDIACIÓN E XESTIÓN AMISTOSA DE RESOLUCIÓN DE CONFLITOS (MASC)

O Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Lugo, ante a entrada en vigor da Lei Orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, introduciu unha serie de reformas significativas no ámbito dos Medios Adecuados de Solución de Controversias (MASC). Esta normativa busca mellorar a eficiencia procesual e promover a resolución de conflitos fóra da vía xurisdiccional.

Neste contexto, o Colexio da Avogacía asume un papel fundamental na implementación dos MASC e crea este servizo colexial coa finalidade de poñer a disposición dos/as letrados/as desta Corporación, así como dos seus clientes —estes últimos como destinatarios dos servizos xurídicos— a posibilidade de acudir a este novo servizo colexial para dar cumprimento ao requisito de procedibilidade esixido para a admisión a trámite das demandas xudiciais, cunha maior celeridade e eficacia que a prevista nos órganos xudiciais, administracións e outras institucións que poidan prestar este servizo. Deste xeito, preténdese optimizar os tempos de resolución e reducir a carga procesual dos tribunais, promovendo unha xustiza máis accesible e eficiente para todos os implicados.

Este protocolo ten como finalidade establecer as bases e directrices para a creación e funcionamento do servizo de MASC neste Colexio da Avogacía. Preténdese proporcionar un marco sinxelo e estruturado que permita aos/ás avogados/as deste ICA e á cidadanía en xeral acceder a métodos adecuados de resolución de conflitos, aliñados cos principios da nova lexislación.

Ten carácter provisional e irá adaptándose ás necesidades obxectivas, de regulación e desenvolvemento da implantación do servizo.

PRIMEIRO.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. O presente protocolo ten por obxecto regular o funcionamento deste Servizo Colexial (MASC) do Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Lugo, como instrumento extraxudicial de solución de conflitos, e facilitar a todos os avogados/as, así como á persoa física ou xurídica que se propoña exercer



accións legais en defensa dun dereito, que poida requirir a unha persoa con coñecementos técnicos ou xurídicos para que xestione a actividade negociadora tendente a acadar un acordo conciliatorio coa parte á que se pretende demandar.

2. O servizo aplicarase exclusivamente a controversias que deban ser formuladas polos avogados/as por encargo dos seus clientes derivadas da relación profesional ou, no seu caso, por seren encomendadas a través do servizo da quenda de oficio e asistencia xurídica gratuíta, así como as derivadas polos órganos xudiciais, sempre que:

- A materia sexa dispoñible polas partes.
- Non exista procedemento xudicial en curso con resolución firme sobre o fondo.
- Non se emitise informe colexial previo relacionado co mesmo conflito.

3. Quedan excluídas da actividade negociadora, conforme contempla o artigo 3 da Lei Orgánica 1/2025, as materias laboral, penal e concursal, así como os asuntos de calquera natureza, con independencia da orde xurisdiccional, nos que unha das partes sexa unha entidade pertencente ao sector público, salvo disposición legal posterior que así o acorde, así como os exceptuados en materia civil e/ou mercantil na devandita lei.

4. Igualmente, non poderá ser solicitada a actuación neste servizo MASC, nin sequera por derivación xudicial, nos conflitos que versen sobre materias que non estean á disposición das partes en virtude da lexislación aplicable, salvo as medidas e efectos previstos nos artigos 102 e 103 do Código Civil, sen prexuízo da homologación xudicial do acordo acadado.

En ningún caso poderán aplicarse aos conflitos de carácter civil que versen sobre algunha das materias excluídas da mediación, conforme ao disposto no apartado 9 do artigo 89 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

SEGUNDO. – REQUISITO DE PROCEDIBILIDADE: MATERIAS DO SERVIZO MASC

1. Poderá solicitarse a actividade negociadora previa á vía xurisdiccional como requisito de procedibilidade en todos os procesos declarativos do Libro II e nos procesos especiais do Libro IV da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil, con excepción dos que teñan por obxecto as seguintes materias:

a) A tutela xudicial civil de dereitos fundamentais;



- b) A adopción das medidas previstas no artigo 158 do Código Civil;
- c) A adopción de medidas xudiciais de apoio ás persoas con discapacidade;
- d) A filiación, paternidade e maternidade;
- e) A tutela sumaria da tenencia ou da posesión dunha cousa ou dereito por quen fose desposuído deles ou perturbado no seu goce;
- f) A pretensión de que o tribunal resolva, con carácter sumario, a demolición ou derrubamento de obra, edificio, árbore, columna ou calquera outro obxecto análogo en estado de ruína e que ameace causar danos á persoa demandante;
- g) O ingreso de menores con problemas de conduta en centros de protección específicos, a entrada en domicilios e restantes lugares para a execución forzosa de medidas de protección de menores ou a restitución ou retorno de menores nos supostos de subtracción internacional;
- h) O xuízo cambiario.

2. Non será preciso acudir ao servizo MASC para a interposición dunha demanda executiva, a solicitude de medidas cautelares previas á demanda, a solicitude de dilixencias preliminares, nin para o inicio de expedientes de xurisdición voluntaria, salvo nos expedientes de intervención xudicial nos casos de desacordo conxugal e na administración de bens gananciais, así como nos casos de intervención xudicial por desacordo no exercicio da patria potestade.

3. Tampouco será preciso recorrer a un medio adecuado de solución de controversias para presentar a petición de requirimento europeo de pagamento conforme ao Regulamento (CE) n.º 1896/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, polo que se establece un proceso monitorio europeo, nin para solicitar o inicio dun proceso europeo de escasa contía, conforme ao Regulamento (CE) n.º 861/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de xullo de 2007, polo que se establece un proceso europeo de escasa contía.

TERCEIRO. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO MASC

1. Sede.

O servizo MASC terá a súa sede no domicilio social do Ilustre Colexio da Avogacía de Lugo, onde se susbtanciarán os procedementos de resolución de controversias que se xestionen.

Igualmente, organizarase a actividade negociadora en todos os partidos xudiciais da provincia.



2. Responsables do servizo.

O servizo dependerá da Xunta de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Lugo, á que lle corresponde a súa regulación e a adopción de calquera acordo relacionado co mesmo.

A Xunta de Goberno encomendaralle á persoa designada como coordinadora en materia de mediación o cometido de prover o necesario para o bo funcionamento do servizo, levar a axenda de procedementos e a quenda de conciliadores/mediadores, coordinar as súas actividades e propoñer á Xunta a adopción dos acordos que excedan das súas atribucións co fin de garantir a mellor marcha do servizo.

A devandita coordinadora desenvolverá as funcións encomendadas co apoio da xerencia, que executará todas aquelas atribucións que lle sexan delegadas, e co auxilio do persoal administrativo.

A organización do servizo MASC nos partidos xudiciais da provincia será coordinada cos/as delegados/as designados/as en cada un deles.

3. Funcións.

Son funcións do Servizo do Ilustre Colexio da Avogacía de Lugo, entre outras:

- a) Impulsar, promover, facilitar, xestionar e desenvolver a conciliación e a mediación en asuntos civís e mercantís.
- b) Organizar o Rexistro de profesionais que desenvolverán a actividade negociadora, así como facilitar e impartir a formación requirida ás persoas conciliadoras e mediadoras.
- c) Facilitar ás persoas interesadas —sexan cidadáns, avogados/as ou institucións— a relación de profesionais inscritos no Servizo MASC deste Ilustre Colexio da Avogacía.
- d) Garantir os recursos persoais e materiais necesarios para poder prestar o servizo.
- e) Custodiar as actas de mediación/conciliación.
- f) Expedir certificacións das actas de mediación depositadas.
- g) Publicitar e difundir as actividades do Servizo de Mediación e a calidade dos/as profesionais inscritos/as.
- h) Elaborar unha memoria anual de actividades e informes estatísticos das conciliacións/mediacións realizadas.
- i) Todas aquelas que lle sexan atribuídas pola Xunta de Goberno por gardaren relación co obxecto e fins anteriores.



4. Rexistro de profesionais do servizo MASC.

As funcións de mediador/a e/ou conciliador/a poderán ser exercidas polas persoas colexiadas en exercicio que cumpran cos requisitos establecidos na Lei Orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, así como nas normas reguladoras dos Rexistros de Mediadores e de Conciliadores do Ilustre Colexio da Avogacía de Lugo.

Poderán pertencer e inscribirse neste Servizo do ICA Lugo:

- a) Todos os/as profesionais inscritos/as no Rexistro de Mediadores do ICA Lugo que o soliciten expresamente e sempre que acrediten os requisitos de formación esixidos ao efecto.
- b) Tamén poderán solicitar a súa inclusión no Servizo MASC do ICA Lugo aqueles/as mediadores/as non inscritos/as no Rexistro que cumpran coas condicións e requisitos de formación requiridos.

Dado que se trata dun servizo de conciliación privada prestado por este Ilustre Colexio, non se admitirán peticións de inclusión no dito Rexistro de profesionais alleos/as a esta Corporación.

O/a conciliador/a ou mediador/a será designado/a polo Servizo MASC de entre as persoas inscritas no Rexistro do ICA Lugo, seguindo a orde dos listados que se confeccionen, e en todo caso, respectando unha quenda obxectiva e transparente.

Ás persoas conciliadoras/mediadoras seranlles de aplicación as obrigas, incompatibilidades e limitacións previstas no Regulamento de Mediación vixente, nos Estatutos colexiais, no Estatuto Xeral da Avogacía Española, no Código Deontolóxico e na lexislación vixente en materia de mediación e conciliación.

CUARTO. PROCEDEMENTO DO SERVIZO

Lexitimación.

Poderán utilizar o Servizo as persoas físicas ou xurídicas que, tendo capacidade e un interese lexítimo para dispor do obxecto da mediación, decidan voluntariamente someterse a este procedemento e o soliciten na forma e coas condicións contidas neste protocolo.

As persoas xurídicas poderán acudir a estes medios a través do seu representante legal ou apoderado, con facultades para transixir e comprometer os seus intereses.



Principios reitores. Confidencialidade.

A actividade negociadora do servizo rexeráse polos principios de voluntariedade, neutralidade e imparcialidade da persoa intermediadora/conciliadora e pola boa fe procesual das partes.

O procedemento de conciliación/mediación e a información que se produza no seu seo son confidenciais. A obriga de confidencialidade esténdese á persoa conciliadora ou mediadora, ás partes en conflito, se é o caso aos seus representantes, e aos/ás letrados/as ou demais persoas que poidan intervir no procedemento, de modo que non poderán revelar a información obtida no decurso do mesmo. A infracción do deber de confidencialidade xerará responsabilidade nos termos previstos no ordenamento xurídico.

Exceptúase o deber de confidencialidade cando as partes o dispensen expresamente ou cando a lei así o estableza.

Inicio do procedemento.

1. O procedemento poderá iniciarse: por acordo mutuo das partes, por solicitude dunha soa delas ou por derivación xudicial.
2. Para solicitar a intervención do servizo MASC cubrirase o formulario que se porá a disposición dos/as profesionais da avogacía e dos/as clientes na web colexial <http://icalugo.org/> ou mediante correo electrónico a icalugo@avogacia.org. Tamén poderá solicitarse por outros medios ou plataformas telemáticas que, de seren implantadas polo ICA, serán comunicadas debidamente.
3. O/a solicitante ou solicitantes da conciliación/mediación deberán presentar solicitude escrita que deberá conter:
 - a) O seu nome ou denominación social, domicilio, número de teléfono e correo electrónico para efectos de notificación.
 - b) O nome ou denominación social da/s outra/s parte/s en desacordo, con indicación do domicilio, número de teléfono e correo electrónico co mesmo fin.
 - c) O medio adecuado de resolución do conflito que elixen (conciliación ou mediación), e se desexan a súa celebración presencial ou telemática.
 - d) Unha descrición da controversia.
 - e) Outros aspectos que se consideren convenientes.
4. A toda solicitude de conciliación/mediación achegarase o xustificante do pagamento da taxa de iniciación do procedemento fixada por este Colexio.



Admisión da solicitude.

1. Unha vez rexistrada a solicitude, o/a coordinador/a do Servizo examinará se se cumpren os requisitos necesarios para asumir a xestión do procedemento. En caso afirmativo, admitiraa; en caso contrario, denegarase motivadamente.
2. Unha vez admitida, o Servizo designará á persoa profesional encargada de levar a cabo a conciliación/mediación solicitada.
3. A admisión notificarase a todas as partes, outorgando á persoa conciliadora ou mediadora un prazo de 3 días para a súa aceptación, e ás partes un prazo idéntico para a súa recusación.

Aceptación, abstención e recusación da persoa conciliadora/mediadora.

1. A persoa profesional designada polo Servizo deberá comunicar por escrito a súa aceptación.
2. A recusación por parte das partes non precisa motivación, pero debe manifestarse expresamente. Procederase a un novo nomeamento. Cada parte só poderá recusar unha vez. Se unha parte pretende recusar por segunda vez, arquivarase o expediente, salvo que a Xunta de Goberno aprecie causa xustificada.
3. En caso de rexeitamento da designación pola persoa mediadora/conciliadora, perderá a súa quenda salvo causa debidamente xustificada.

Convocatoria para a celebración do acto conciliatorio ou sesión informativa.

1. Verificados os requisitos, o/a coordinador/a do servizo citará ao/á profesional conciliador/a ou mediador/a e ás partes para a celebración da sesión, advertindo das consecuencias da súa inasistencia. Se algunha delas non acode no prazo legal segundo o medio de resolución elixido, conforme ao artigo 7 da LO 1/2025, levantarase acta facendo constar este extremo (non confidencial), dando por intentado sen efecto o acto, e arquivarase a solicitude.
2. Na primeira sesión celebrarase o acto conciliatorio ou de mediación, no que se informará ás partes do obxecto e forma do procedemento, as súas características, efectos e custo, así como do prazo para asinar a acta da sesión constitutiva.
3. En caso de aceptación, para dar comezo ao procedemento de conciliación/mediación, as partes deberán ingresar na conta designada polo servizo a taxa de xestión colexial.



Medios telemáticos.

As conciliacións e/ou mediacións electrónicas desenvolveranse segundo o regulamento que se dite, podendo empregarse a plataforma tecnolóxica que cree o Colexio da Avogacía ou aquela que se utilice na administración corporativa, garantindo sempre a identidade dos/as intervenientes, a confidencialidade, o segredo das comunicacións e o respecto absoluto ás normas legais.

Para que a actuación poida celebrarse por medios telemáticos será necesario que as partes acaden previamente un acordo para o seu uso, que deberá ser comunicado con antelación.

Asistencia letrada.

As partes poderán acudir aos MASC asistidas por avogado/a. Será preceptiva a asistencia letrada para formular unha oferta vinculante, salvo que a contía do asunto non supere os 2.000 € ou cando unha lei sectorial non esixa a intervención letrada.

Se algunha das partes desexa contar con asistencia letrada aínda que non sexa obrigatoria, deberá facelo constar expresamente.

CUARTO. PROCEDEMENTO DO SERVIZO.

Prazos. Efectos da apertura do proceso de negociación e terminación sen acordo

A solicitude de inicio dun MASC interrompe a prescrición ou suspende a caducidade das accións desde a data do intento de comunicación.

A duración da interrupción ou suspensión estenderase ata a sinatura do acordo ou a terminación do proceso sen acordo.

A reanudación ou reinicio dos prazos producirase cando non se celebre a primeira reunión ou non haxa resposta no prazo de 30 días naturais ou, no caso da conciliación, no prazo de 15 días naturais.

Desenvolvemento da sesión

1. O procedemento de conciliación comezará coa sesión constitutiva, na que as partes manifestarán a súa vontade de acudir ao acto e recolleranse en acta os seguintes extremos:

- a) Identificación das partes.
- b) Designación da persoa conciliadora.



- c) Delimitación do obxecto do conflito.
- d) Información sobre o custo do servizo en relación cos honorarios do/a conciliador/a e outros posibles gastos.
- e) Declaración de aceptación voluntaria por parte das partes do sometemento á conciliación e do compromiso de asumir as obrigas derivadas dun posible acordo.
- f) As propostas formuladas directamente polas partes ou pola persoa conciliadora para intentar acadar un acordo.

No caso de se alcanzar un acordo, sexa parcial ou total, faranse constar os termos do mesmo na acta, previa revisión das partes intervinientes, que será asinada pola persoa conciliadora e polos comparecentes. En caso de non aceptación ou negativa á sinatura, levantarase acta tendo por intentada a conciliación sen efecto.

2. No suposto de se ter solicitado unha mediación, o proceso a seguir e as normas aplicables serán as reguladas no Regulamento de Mediación deste Colexio, sen prexuízo de procurar resolver a controversia no menor tempo posible, que non poderá exceder de tres meses.

Acreditación do intento de negociación e terminación do proceso sen acordo.

Para cumprir co requisito de procedibilidade será preciso acreditar documentalmente o intento de actividade negociadora. Para iso, a persoa conciliadora ou mediadora expedirá un documento no que se fará constar:

- A identidade das partes implicadas e, se é o caso, dos/as avogados/as que as acompañen, así como os datos da persoa conciliadora ou mediadora, a súa cualificación, colexio profesional e rexistro no que figure inscrita.
- O obxecto da controversia, definindo con claridade o tema do conflito.
- As datas das reunións realizadas.
- A declaración das partes de ter participado de boa fe no proceso, para que teña validez perante a autoridade xudicial.

No caso de non comparecencia ou rexeitamento dalgunha das partes a participar no acto de conciliación e/ou mediación, esta circunstancia farase constar no



documento, incluíndo a forma en que se realizou a citación, a xustificación de ter sido efectuada e a data de recepción, se foi posible notificala, ou no seu defecto, os detalles que correspondan.

Formalización do acordo

O documento que recolla o acordo deberá conter:

- A identidade e o domicilio das partes, así como, se é o caso, a identidade dos/as seus/súas avogados/as e da terceira persoa neutral interviniente, o lugar e a data de sinatura, as obrigas asumidas por cada parte e a confirmación de que se seguiu un procedemento de negociación conforme ao disposto nesta lei.
- O acordo deberá ser asinado polas partes e, de ser o caso, polos/as seus/súas representantes. Cada parte terá dereito a obter unha copia. Se interviu unha terceira persoa neutral, esta entregará un exemplar a cada parte e conservará outro.
- As partes poderán obrigarse mutuamente a elevar o acordo a escritura pública. Se a parte requirida non atende a solicitude, a parte requirente poderá outorgala unilateralmente, debendo formular a solicitude perante o notario autorizante e facendo constar no instrumento público esta circunstancia. Non será necesaria a presenza da terceira persoa neutral no acto notarial.
- As partes poderán solicitar a homologación xudicial do acordo cando así o esixa a lei ou cando o acordo se obtivese no marco dun proceso xudicial.

QUINTO. RÉXIME ECONÓMICO

Custo do Servizo MASC

1. A parte que solicite a intervención do Servizo do ICA Lugo deberá aboar as taxas de xestión.
2. Así mesmo, deberá aboar ao Servizo o importe da remuneración fixada para a persoa conciliadora ou mediadora designada polo Colexio.

Ao solicitar a inclusión no Rexistro colexial para prestar este servizo, o/a profesional nomeado/a para a conciliación ou mediación aceptará as contías fixadas en concepto de honorarios polas súas intervencións no procedemento.



ANEXO I

CUSTOS DO SERVIZO MASC DO ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE LUGO

1. Os custos inclúen os dereitos de xestión e administración do servizo, así como os honorarios e gastos debidamente xustificadas das persoas conciliadoras e mediadoras.

TAXA INICIAL:

Taxa inicial polo uso do servizo con profesionais adscritos ao Rexistro de Conciliadores e Mediadores do ICA Lugo: 40 €

TAXA DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN EN MEDIACIÓN

(Apertura, rexistro e tramitación do expediente):

Mediacións realizadas por adscritos ao Rexistro do ICA Lugo: 60 €

HONORARIOS DE CONCILIADORES DESIGNADOS POLO SERVIZO:

- Por intervención sen avenencia: 60 €
(Cada parte abonará 30 euros pola redacción da acta)
- Por intervención con avenencia: 100 €
(Cada parte abonará 50 euros pola redacción da acta)

HONORARIOS DOS MEDIADORES DESIGNADOS POLO SERVIZO:

- Por cada sesión, desde a primeira ata a terceira: 120 €
- Por cada sesión, a partir da cuarta: 80 €
- Para conflitos cunha contía superior a 24.000 euros, poderán incrementar os seus honorarios nun 0,5% da devandita contía.

A estes importes aplicaráselles o IVE correspondente.



Pagamento dos custos do procedemento

1. O pagamento das taxas realizarase do seguinte xeito:

- a) Pagamento da taxa inicial no momento da solicitude para activar o servizo.
- b) Pagamento da taxa pola xestión do procedemento de mediación antes da celebración da sesión constitutiva.

2. Pagamento dos honorarios da persoa conciliadora/mediadora:

- a) Os honorarios derivados da conciliación aboaranse ao rematar a intervención, previamente á entrega do documento acreditativo do intento de negociación.
- b) No caso da persoa mediadora designada, o Colexio poderá esixir, antes da celebración da sesión constitutiva, que as partes ingresen na conta do Servizo o importe correspondente a dúas ou tres sesións.

Se as partes ou algunha delas non realizan en prazo a provisión de fondos solicitada, o Colexio poderá dar por concluído o procedemento, notificándoo ás partes, sen que iso exima do pagamento dos importes xa devengados. Non obstante, o/a mediador/a ou o Colexio, en caso de impago por unha das partes, e antes de acordar a conclusión, comunicaranos ás demais partes, por se tiveren interese en asumir o pagamento dentro do prazo de tres días desde a notificación.

O custo da mediación, teña ou non como resultado un acordo, dividirase por igual entre as partes, salvo pacto en contrario.